

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 07 DE ABRIL DO 2022.

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Sete de Abril do Dous mil vinte e dous, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 31/03/2022

2.- AUTORIZACION PARA APERTURA DE PORTA DE COMUNICACIÓN ENTRE OS POSTOS 2 E 3 DO MERCADO MUNICIPAL DE PALMEIRA – Miguel A. Novoa Núñez

Visto o escrito presentado por **Miguel A. Novoa Núñez**, de data 29/03/2022 (Registro de entrada nº 5.687), no que solicita autorización para comunicar os postos nº 2 e 3 do Mercado Municipal de Palmeira dos que é titular, mediante unha porta lateral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a Miguel A. Novoa Núñez a apertura dun paso mediante unha porta lateral entre os postos nº 2 e 3 do Mercado Municipal de Palmeira, dos que é titular, e según os seguintes condicionamentos:

- Non poderá alterar a configuración actual nin a estrutura dos citados postos



- No caso de cese da actividade, cambio de titularidade ou semellantes, nun ou en ámbolos dous postos, deberá realizar todas as actuacións necesarias e á súa costa para deixar os postos nº 2 e 3 nas condicións orixinarias anteriores á súa modificación.

3.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 22.03.2022:

1001 21.01.2022 MANUEL ALEJANDRO REY SAMPEDRO, construción de galpón y cierre de parcela, en rúa das Cobas, 36, Castiñeiras.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.03.2022:

3203 21.02.2022 ENSEDUCA S.A.L., demolición y ejecución de muro de hormigón en la parte trasera del colegio, en rúa 1, Cubeliño, 79, Ribeira.

2787 16.02.2022 NATALIA VIDAL PEGO, construír edificación auxiliar, en Carreiriña, nº 21, Carreira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 30.03.2022:

20500 15.11.2021 SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES S.L., instalación de placas solares fotovoltaicas sobre la cubierta de la vivienda situada en lugar de Aldea, 23-B, Castiñeiras.

4.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Rúa General Espartero - Ribeira)

Vistos os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de datas 11/02/2022 (Rexistros de entrada nº 2539 e 2541), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de reposición de pavimentos por ampliación rede gas natural en Rúa General Espartero, 17 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 25/03/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de reposición de pavimentos por ampliación rede gas natural en Rúa General Espartero, 17 (Ribeira), polos importes de 6.345,00 € e 3.100,00 €, respectivamente.

5.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Rúa da Habana - Ribeira)

Vistos os escritos presentado por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 01/02/2022 (Rexistros de entrada nº 1656 e 1717), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola



realización de obras de reposición de pavimentos por canalización rede gas natural en Rúa da Habana (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 01/04/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de reposición de pavimentos por canalización rede gas natural en Rúa da Habana (Ribeira), polos importes de 9.196,20 € e 6.130,00 €, respectivamente.

6.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Lugar de Fafián - Ribeira)

Vistos os escritos presentado por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 01/02/2022 (Rexistros de entrada nº 1718 e 1722), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de canalización rede gas natural en Lugar de Fafián na (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 31/03/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de canalización rede gas natural en Lugar de Fafián ana (Ribeira), polos importes de 13.905,00 € e 7.210,00 €, respectivamente.

7.- AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN (MATERIAL ESCOLAR) -CURSO 2021/2022

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 29/03/2022, na que propón a aprobación da relación e posterior abono das contias concedidas aos beneficiarios/as das axudas de material escolar- Curso 2021/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o listado definitivo de beneficiarios das axudas de material escolar para o vindeiro curso 2021-2022, según o contido da citada proposta, dando traslado aos servizos económicos municipais para proceder ao seu abono.

8.- ACORDO RELATIVO Á INSTALACIÓN DUN PASO DE PEÓNS NA AVENIDA DA PAZ (RIBEIRA) – SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA

Vistos os escritos presentados por **Sergio Fragua Nine**, de data 04/05/2021, 13/10/2021 e 28/03/2022 (Rexistros de entrada nº 7.010, 18.401 e 5.610), nos que solicita a instalación



dun paso de peóns na Avenida da Paz (Palmeira), á altura do nº 97.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 20/05/2021, xa adoptou acordo ao respecto, en base ao informe policial emitido en data 13/05/2021, e no que se resolveu *“Solicitar á Xunta de Galicia, como administración titular da estrada, autorización para a instalación, por parte do Concello de Ribeira, dun paso de peóns á altura do nº 97 da Avenida da Paz (Ribeira)”*.

Visto que a citada solicitude foi remitida á Xunta de Galicia en data 20/05/2021 e que a data de hoxe non se obtivo resposta ao respecto.

Visto o informe emitido ao respecto pola **Policía Local**, de data 23/03/2022, no que sinala:

“SOLICITANTE: SERGIO FRAGUA NINE

ASUNTO: SOLICITUD DE COLOCACIÓN DE PASO DE PEATONES EN LA AVENIDA DE LA PAZ A LA ALTURA DEL Nº 97

(...) INFORMA

- Que el tramo que nos ocupa es una carretera de dominación AG-11 al paso por la AV. de la Paz. Titularidad de la XUNTA DE GALICIA*
- Así, en el artículo 139. 1 del Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, establece que corresponde al titular de la vía la responsabilidad de su mantenimiento en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación y la instalación y conservación en ella de las adecuadas señales y marcas viales. También corresponde al titular de la vía la autorización previa para la instalación en ella de otras señales de circulación”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Solicitar á Xunta de Galicia**, como administración titular da estrada, **autorización** para a instalación, por parte do Concello de Ribeira, dun paso de peóns á altura do nº 97 da Avenida da Paz (Ribeira)
- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao solicitante.

9.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DA FEIRA VIAMARE STOCK 2022– Asociación de Empresarios de Ribeira

Visto o escrito presentado pola Asociación de Empresarios de Ribeira, de data 31/03/2022 (Rexistro de entrada nº 202200006002), no que solicita autorización para a celebración da Feira “Viamare Stock e Degustación de Produtos do Mar”, os días 12, 13 e 14 de agosto, levándose a cabo o evento en haimas que estarán localizadas no Malecón de Ribeira e nas que estarán representados comercios de diversos sectores, tendo como obxectivo dinamizar e apoiar o comercio local e á súa vez impulsar a economía no noso municipio.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 06/04/2022, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- Autorización para a celebración da “Feira Viamare” os días 12, 13 e 14 de agosto no Malecón.



- Autorización para colocar carteles de estrada e pancartas para promocionar o evento.
- Solicitar no seu nome (Asociación de Empresarios de Riveira) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 1.200 m2 no Malecón de Ribeira (preto de capitania) para colocar haimas de 5 x 5 cada unha delas (nº aproximado de haimas entre 19 e 23, e sen prexuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Asociación de Empresarios de Riveira).
- Aumentar o servizo de limpeza na zona con reforzo de contenedores de plástico e papel; así como reforzo policial.
- Autorizar o reforzo policial na zona

10.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO DE PRODUTOS DO MAR DE RIBEIRA – Asociación de Empresarios de Ribeira

Visto o escrito presentado pola Asociación de Empresarios de Ribeira, de data 01/04/2022 (Rexistro de entrada nº 202200006076), no que solicita autorización para a celebración dun novo evento para a posta en valor dos produtos do mar de Ribeira, os días 26, 27 e 28 de agosto, levándose a cabo o evento na Praza de España de Ribeira.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 06/04/2022, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- Autorización para a celebración do novo evento para a posta en valor dos produtos do mar de Ribeira, os días 26, 27 e 28 de agosto, levándose a cabo o evento na Praza de España de Ribeira.
- Autorización para poder realizar a montaxe e desmontaxe os días anteriores e posteriores á feira.

11.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – PROMOCIÓN LINGUA GALEGA 2022

VISTA a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación**, Juana Brión Santamaría, de data 05/04/2022, relativa á *ORDE do 17 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PL400A)*. (DOG do 30/03/2022, núm. 62).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dinamización lingüística. A subvención solicítase para o mantemento do servizo lingüístico existente no concello de Ribeira.

Segundo: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.



12.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTO EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – CAFÉ BAR ENIGMA

VISTO o escrito presentado por Sonia María Vidal Queiruga, en representación de **José María Tercero Paulo**, de data 04/04/2022 (Rexistro de entrada nº 6.255), no que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Café-Bar Enigma”, situado na Rúa Manzanares (Ribeira), cun concerto en directo o día 8 de abril de 2022, ás 21:30 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a José María Tercero Paulo para amenizar o establecemento hostaleiro “Café-Bar Enigma”, situado na Rúa Manzanares (Ribeira), cun concerto en directo o día 8 de abril de 2022, ás 21:30 h (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o representante de “Café-Bar Enigma” (José María Tercero Paulo), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

13.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTO EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – BAR A COVA

VISTO o escrito presentado por **María Inés Suárez Vázquez**, de data 04/04/2022 (Registro de entrada nº 6.248), no que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Bar A Cova”, situado na Rúa Arrochela, 15 (Palmeira), cun concerto en directo o día 16 de abril de 2022, en horario de 13:00 h. a 15:00 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **María Inés Suárez Vázquez** para amenizar o establecemento hostaleiro “**Bar A Cova**”, situado na Rúa Arrochela, 15 (Palmeira), cun concerto en directo o día 16 de abril de 2022, en horario de 13:00 h. a 15:00 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **representante de “Bar A Cova” (María Inés Suárez Vázquez)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á**



policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

14.- AUTORIZACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL (D.J.) EN PARQUE GARCÍA BAYÓN –María Cruz Rodríguez Vázquez

Visto o escrito presentado por María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, de data 05/04/2022 (Rexistro de entrada nº 6.375), no que solicita autorización para a actuación musical (D.J. Matrex) no Parque García Bayón (Ribeira), o día 09/04/2022, ás 21:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, a actuación musical (D.J. Matrex) no Parque García Bayón (Ribeira), o día 09/04/2022, ás 21:00 horas.

15.- AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN DE BARRA EXTERIOR EN PRAZA DA AVENIDA DO MALECÓN –Astriz Dios Folgar

Visto o escrito presentado por María Eugenia Montes Rodríguez en representación de **Astriz Dios Folgar**, de data 04/04/2022 (Rexistro de entrada nº 6.343), no que solicita autorización para instalación dunha barra exterior no establecemento hostaleiro “Bar Tasca do Barbanza”, na praza da Avenida do Malecón (Ribeira), o día 09/04/2022, co motivo da Quedada dos Reventapistóns.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a Astriz Dios Folgar, a instalación dunha barra exterior no establecemento hostaleiro “Bar Tasca do Barbanza”, na praza da Avenida do Malecón (Ribeira), o día 09/04/2022, co motivo da Quedada dos Reventapistóns.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

